

ENUNCIADO PARTE PRÁCTICA DA 1ª PROBA – OPCIÓN A

PROCESOS SELECTIVOS 2020. ORDE DO 24 DE FEBREIRO DE 2020 (DOG DO 13 DE MARZO DE 2020).
SERVIZO SECUNDARIA
CORPO: 591- PROFESORES TÉCNICOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL.
ESPECIALIDADE: 222- PROCESOS DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA.

APELIDOS	NOME	NIF

MARCAR CUN X O QUE CORRESPONDA.

OPCIÓN A

OPCIÓN B

INSTRUCCIÓN:

- PÓDESE UTILIZAR UNICAMENTE BOLÍGRAFO NEGRO OU AZUL E UNHA CALCULADORA NON PROGRAMABLE.
- AS FOLLAS DE RESPONSA UTILIZADAS SERÁN NUMERADAS CORRELATIVAMENTE, INCLUIDOS OS ENUNCIADOS.
- NON SE PODERÁ LEVAR ENCIMA NIN USAR DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS DE CALQUERA CLASE (INCLUIDOS RELOXOS INTELIXENTES). OS DISPOSITIVOS DEBERÁN ESTAR COMPLETAMENTE DESCONECTADOS E GARDADOS. PARA GARANTIR QUE NON SE USAN DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS DE COMUNICACIÓN O CABELO LONGO DEBERÁ ESTAR RECOLLIDO. CALQUERA ACTUACIÓN DE TIPO FRAUDULENTO SUPORÁ A EXCLUSIÓN INMEDIATA DO PROCESO SELECTIVO.
- DEBERÁ ELIXIR E MARCAR CUN “X” A OPCIÓN A OU B NOS CADROS ANTERIORES. NON MARCAR A OPCIÓN PODERÁ SUPOR NON SER CUALIFICADO E XA QUE LOGO, QUEDAR EXCLUÍDO DO PROCESO SELECTIVO. AS RESPOSTAS A APARTADOS DA OPCIÓN NON ELIXIDA NOS CADROS ANTERIORES NON SERÁN CUALIFICADAS.
- A PROBA PRÁCTICA TEN UNHA DURACIÓN DE TRES (3) HORAS. CANDO FALTE MEDIA HORA PARA A FINALIZACIÓN DO TEMPO, SERÁ COMUNICADA ESTA CIRCUNSTANCIA. DURANTE OS PRIMEIROS VINTE (20) MINUTOS NON SE PODERÁ ABANDONAR A AULA DA PROBA.
- ESTA PROBA CON TODAS AS FOLLAS, NUMERADAS E ORDEADAS CORRELATIVAMENTE, INCLUÍDA ESTA PRIMEIRA E TODOS OS ENUNCIADOS DEBERÁN SER INTRODUCIDAS NO SOBRE QUE SERÁ PECHADO, ASINADO POLO ASPIRANTE NO PECH E POLA PERSOA MEMBRO DO TRIBUNAL ENCARGADA DA RECOLLIDA. O SOBRE DEBERÁ IDENTIFICARSE CO NOME E APELIDOS DA PERSOA ASPIRANTE E A OPCIÓN ESCOLLIDA.

ENUNCIADO PARTE PRÁCTICA DA 1ª PROBA – OPCIÓN A

EXERCICIO 1: 3 PUNTOS

Dada a actividade da nosa empresa, é habitual o desprazamento por traballo de algúns dos empregados, sempre dentro do territorio español, polo que os gastos de viaxe constitúen unha parte importante dos gastos de persoal e, por tanto, dos trámites que se realizan no departamento correspondente. A efectos de simplificar e facer uniformes os partes de dietas, considerouse conveniente a realización dun modelo en folla de cálculo no que os mesmos empregados poidan proceder ao rexistro dos seus gastos de viaxe mediante o recheo dos datos necesarios.

Unha vez introducidos os datos de entrada, débese calcular automaticamente o importe do Aloxamento, Dietas e Transportes de acordo coas distintas categorías profesionais dos empregados que se mostran na táboa situada na parte superior, así como o importe destas que deben incluírse para a cotización e retención na nómina do traballador de acordo cos importes establecidos legalmente. A folla ten este formato:

	A	B	C	D	E	F	G	
1								
2		Gastos de manutención/dietas/transporte						
3		Categoría	Aloxamento	Dietas	Euros/km		Vehículo Propio	
4		1	53,54 €	26,67 €	0,80 €		Transporte público	
5		2	53,54 €	26,67 €	0,19 €			
6		3	53,34 €	26,67 €	0,25 €			
7		4	53,54 €	26,67 €	0,30 €			
8								
9		GASTOS DE VIAXE						
10		Datos de entrada						
11		Nome						
12		Data de comprimentación						
13		Data -inicio viaxe						
14		Data-final viaxe						
15		Categoría Profesional						
16		Medio de transporte						
17		Km/Importe billetes						
18		Zona de calculo						
19		Duración da viaxe						
20		Aloxamento						
21		Dietas						
22		Trasporte						
23		Importe dietas						
24		Importe dos gastos que cotizan para S.S. e IRPF						
25		Duración da viaxe					0	
26		Aloxamento					- €	
27		Dietas						
28		Trasporte					- €	
29		Importe dietas					- €	
30		Importe dos gastos que cotizan para S.S. e IRPF					- €	
31		Duración da viaxe						
32		Aloxamento						



(As celas que aparecen sombreadas utilízanse para dar de alta os datos)

ENUNCIADO PARTE PRÁCTICA DA 1ª PROBA – OPCIÓN A

PÍDESE:

Crear a fórmula ou explicación solicitada en cada cela. Nas celas con formato moeda utilizar a función SI.ERROR para que non apareza o símbolo #N/D

1. Na cela **D13** a data será a actual (día, mes e ano)
2. Na cela **D19** débese crear unha lista para que o traballador poida elixir entre os valores que aparecen no rango **G3:G4**. Explica como crear a lista.
3. Na cela **D23** para cálculo de días utiliza a función SIFECHA (se non a coñeces podes utilizar outra).
4. Na cela **D24** deben aparecer os gastos de aloxamento que correspondan aos días de viaxe tendo en conta a categoría, segundo a táboa que aparece na parte superior do formulario. Cando o desprazamento é de ida/volta no día non existen gastos de aloxamento.
5. Cela **D25** deben aparecer os gastos de dietas que correspondan ao tempo de viaxe tendo en conta a categoría segundo a táboa que aparece na parte superior do formulario.
6. Cela **D26** deben aparecer os gastos de locomoción que correspondan aos días de viaxe tendo en conta a categoría e, se os desprazamentos se realizaron con vehículo propio ou en transporte público, segundo o dato que aparece na cela D20.
7. Cela **D28** contén o importe total a cobrar por desprazamento.
8. Cela **D29** debe aparecer o importe dos gastos por desprazamento que deben incluírse na base de cotización e IRPF ao emitir as nóminas.
9. Explica como protexer os datos da folla de cálculo para que non se poidan editar, excluindo as celas sombreadas.

EXERCICIO 2: 3 PUNTOS

Apartado a) D. Xosé García da Bela Casa, de 25 anos, obtén o Grao en Dereito no mes de xuño de 2021. No mes de xullo dáse de alta no Colexio de Avogados. Instala o seu despacho na rúa Sagasta, 25, Pontevedra procedendo a poñer a correspondente placa para xeral coñecemento. Diríxese a diversas empresas e particulares (correo postal, e-mails, etc.) no citado mes de xullo ofrecéndolles os seus servizos.

O 10 de xaneiro de 2022, require os seus servizos a empresa Z, que é o seu primeiro cliente.

Determine **cando** se considera **profesional** D. José a efectos do IVE. Xustifique a resposta.

Apartado b) A empresa XXX, domiciliada en Cádiz, desenvolve a súa actividade como **estaleiro e fabricación de estruturas metálicas**. Presenta as súas declaracións mensualmente ao ser considerada gran empresa, non rexistrada no REDEME (non obtén a devolución mensual). Ten asignado NIF a efectos de IVE atribuído pola AEAT estando rexistrada no ROI.

No mes de **xuño de 2021** realizou as seguintes operacións (os importes que se indican, salvo que se sinala o contrario, non levan incorporados os impostos):

1.- Adquiriu á empresa ZZZ (empresa establecida no TAI) chapas de aceiro por importe de 450.000 €, recibíndose a factura o 15 de xuño de 2021. As chapas recibíronse o 10 de xuño. O pago efectúase a 90 días.

2.- Entregou dous buques fabricados nos seus estaleiros:

- a) Un de pesca costeira, destinado á empresa Pesqueiras, S.A., por importe de 750.000 €.
- b) Outro, un iate de recreo, para o Sr. López López, por un importe de 412.000 €.

3.- Efectuou unha reparación dun buque da empresa Pesqueiras S.A., por importe de 45.000 €. O buque dedícase á pesca de altura no Gran Sol.

4.- O 7 de xuño de 2021 entrega á empresa BBBB, establecida na zona franca de Cádiz, unha estrutura para unha nave industrial da devandita empresa na citada zona franca. O seu importe é de 97.000 €.

Efectúe a **autoliquidación da empresa XXX do mes de xuño de 2021**, sabendo que no mes de maio quedou pendente unha cantidade para compensar de 6.000 €. Xustifique o importe das **bases impositivas**, así como os **tipos impositivos** que sexa necesario aplicar.

Apartado c) Determine **o IVE a ingresar ou devolver** da empresa **ROXOSPAPEL S.L.** que ten como obxecto social a fabricación de papel e que efectúa as operacións seguintes:

- Venda de papel en territorio peninsular 420.000,00 €
- Venda de papel a Canarias 60.000,00 €
- Venda de papel a Austria 90.000,00 €
- Gastos asociados á venda de papel en territorio peninsular:
 - Soldos 70.000,00 €
 - Seguridade Social 20.000,00 €
 - Amortizacións 15.000,00 €
 - Compra de materias primas 30.000,00 €
 - Subministracións e servizos exteriores 18.000,00 €
 - Gastos financeiros 1.500,00 €
 - Arrendamento dun almacén 14.000,00 €

No exercicio anterior, mercou unha máquina prensadora por 180.000,00, sendo en ese exercicio a prorrata definitiva do 80%.

EXERCICIO 3: 2 PUNTOS

Por orde da Consellería de Presidencia de data 16 de maio de 2019 (DOGA núm. 96 de 22 de maio), convócanse probas selectivas para o ingreso no Corpo Xeral Auxiliar da Comunidade Autónoma de Galicia, nas que con data 26 de maio de 2019 solicita participar Faustino García López mediante o rexistro do modelo de solicitude correspondente.

O 16 de xuño de 2019 (DOGA núm. 115 de 20 de xuño) dítase orde pola que se aproba a relación provisional de admitidos e excluídos de ditas probas, nas que Faustino García López aparece excluído por non cumprir un dos requisitos esixidos, en concreto por non contar ca titulación necesaria. Nesta Orde concédese un prazo de 10 días hábiles para emendas e reclamacións.

Faustino García López diríxese a Administración mediante un escrito que figura con rexistro de entrada no Concello de A Coruña con data 21 de xuño de 2019 e que cualifica de recurso de reposición contra a Orde de 16 de xuño de 2019, non xustificando o seu dereito a ser incluído nas listas de admitidos.

Con data 20 de xullo de 2019 notifícase a Faustino García López a resolución do recurso que interpuxo. Nesta resolución, ditada o 5 de xullo de 2019, declárase inadmisíbel o recurso, se ben a administración, co fin de non prexudicar o interesado, internamente dá ao escrito do recorrente a tramitación dun escrito de solicitude de emenda do defecto que motivara a súa exclusión, solicitude que é desestimada o non acreditarse o cumprimento do requisito esixido.

Con data 4 de setembro de 2019 dítase a orde pola que se aproba a relación definitiva de admitidos e excluídos (DOGA núm. 148 de 11 de setembro), excluindo definitivamente das probas selectivas a Faustino García López. Nesta orde prevese que, contra a mesma, se poda interpor potestativamente recurso de reposición ou directamente recurso contencioso-administrativo. Faustino presenta recurso de reposición o día 18 de setembro de 2019 e solicita a suspensión da execución do acto administrativo recorrido. Na mesma data e, polo tanto, sen existir resolución do recurso de reposición, formula ademáis recurso contencioso-administrativo contra dito acto, solicitando a suspensión da execución da Orde de 4 de setembro de 2019.

O recurso de reposición interposto o 18 de setembro é desestimado o día 10 de outubro de 2019 e notificada a súa resolución o día 25 de outubro de 2019.

Con data 8 de novembro de 2019, sen resolverse o recurso contencioso-administrativo, Faustino interpón recurso extraordinario de revisión alegando que ten coñecemento dunha sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional, na que se recoñece a outra persoa a validez da mesma titulación que el posúe para poder participar nunhas probas selectivas de iguais características ás que el pretende acceder. Este recurso extraordinario de revisión declárase inadmisíbel por non darse as circunstancias establecidas na lei.

1. Está correctamente cualificado o recurso presentado? Razona a resposta.
2. A Consellería podería ter concedido un prazo superior a 10 días para emendar?. Por que?
3. Explica razoadamente si é correcta a presentación do escrito no concello de A Coruña.
4. É posible interpor ao mesmo tempo un recurso potestativo de reposición e un recurso contencioso-administrativo? Xustifica a resposta.
5. Analizar a suspensión solicitada por Faustino o día 18 de setembro.
6. Analizar a validez do argumento utilizado ao interpor recurso extraordinario de revisión

ENUNCIADO PARTE PRÁCTICA DA 1ª PROBA – OPCIÓN A

EXERCICIO 4: 2 PUNTOS

D. Antonio Fernández Fernández, comerciante polo miúdo baixo o réxime especial de recargo de equivalencia, con domicilio na Coruña, C / Real, 35 e con NIF 15 269 269 J, solicita orzamentos a varios comerciantes por xunto que subministran produtos agrícolas e aprovisionarse así para todo o ano, de:

- 20.000 sobres de sementes de leituga, en sacas de 10 sobres, empacquetados en caixas de 20 sacas por caixa.
- 500 toneladas de patacas para comida, en colectores retornábeis de 5.000 quilos de capacidade cada un.

Decide baremar, tendo en conta só o prezo de custo final, a diferentes provedores, que ofrecen as seguintes condicións:

Prezos e condicións	AGRÍCOLA BURGALESA, S.A. C/ Rio Arlanza, 25, 09001-Burgos CIF A-09 235 235	PALMIRO, S.L. C/ Rosalia de Castro, 10, 15701-Santiago de C. CIF B-15 589 247
Prezo unitario de oferta	Sementes: 1,50 €/sobre Patacas: 0,60 €/quilo	Sementes: 1,75 €/sobre Patacas: 0,80 €/quilo
Desconto comercial/ bonificación	De cada caixa de sementes, unha saca é gratis.	1% nas patacas.
Desconto por volumen de compra	Sementes: 1% Patacas: 2%	
Dto. pronto pago		1%
Envases	0,02 € por cada sobre de sementes.	0,10 €/saca de sementes.
Embalaxes	0,50 € Por cada caixa de sementes. 20 € por cada colector retornábel enviado.	0,20 €/ caixa de sementes.
Portes	1.004 €, que se facturan como “custos suplidos” e que se reparten proporcionalmente ao peso (cada sobre de sementes, incluíndo envases e embalaxes pesa aproximadamente, 100 gr.).	500 € polo transporte das sementes. 2.000 € polo transporte dos colectores de patacas.
Seguros	645 €, repartidos proporcionalmente ao importe neto.	650 € repartidos proporcionalmente ao neto.
F. de pago	Letra domiciliada a 30 días data factura.	Contado.

1. Calcular o importe total correcto de cada unha das ofertas.
2. Calcular o custo unitario correcto de cada un dos artigos dos dous provedores.
3. Cumprimenta a factura nº 235/21, do 20/06/2021, que faría o provedor elixido segundo o criterio do mellor prezo de custo.
4. Describe a anotación correcta que habería que facer no ficheiro do almacén de patacas en termos de número de unidades, prezo e cantidade, se o control do stock faise segundo o criterio do prezo medio ponderado e, ata o momento da compra, había 1.500 quilos en stock a 0,61 € / quilo.
5. Se don Antonio devolve todos os colectores, agás 2 que estaban rotos, contesta a) e b):
 - a) Cal sería o importe correcto da factura rectificativa que se emitiría por esta circunstancia? .
 - b) Razoar como afectaría esta circunstancia ás existencias de patacas.

ENUNCIADO PARTE PRÁCTICA DA 1ª PROBA – OPCIÓN A

Emitida por

Factura n.º:	<input type="text"/>
Data:	<input type="text"/>

Pedido n.º:

Albará n.º:

Forma de pago:

Observacións:

Código	Cantidade	Descrición			Prezo	IVE %	RE %	Importe
IVE / RE		21,00 %	5,20 %	10,00 %	1,40 %	4,00 %	0,50 %	
Base imponible								
Importe imposto								

Total factura:

PROCESOS SELECTIVOS 2020. ORDE DO 24 DE FEBREIRO DE 2020 (DOG DO 13 DE MARZO DE 2020). SERVIZO SECUNDARIA

CORPO: 591- PROFESORES TÉCNICOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL.

ESPECIALIDADE: 222- PROCESOS DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA.

APELIDOS	NOME	NIF

MARCAR CUN X O QUE CORRESPONDA.

OPCIÓN A

OPCIÓN B

INSTRUCCIÓN :

- PÓDESE UTILIZAR UNICAMENTE BOLÍGRAFO NEGRO OU AZUL E UNHA CALCULADORA NON PROGRAMABLE.
- AS FOLLAS DE RESPONSA UTILIZADAS SERÁN NUMERADAS CORRELATIVAMENTE, INCLUIDOS OS ENUNCIADOS.
- NON SE PODERÁ LEVAR ENCIMA NIN USAR DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS DE CALQUERA CLASE (INCLUIDOS RELOXOS INTELIXENTES). OS DISPOSITIVOS DEBERÁN ESTAR COMPLETAMENTE DESCONECTADOS E GARDADOS. PARA GARANTIR QUE NON SE USAN DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS DE COMUNICACIÓN O CABELO LONGO DEBERÁ ESTAR RECOLLIDO. CALQUERA ACTUACIÓN DE TIPO FRAUDULENTO SUPORÁ A EXCLUSIÓN INMEDIATA DO PROCESO SELECTIVO.
- DEBERÁ ELIXIR E MARCAR CUN "X" A OPCIÓN A OU B NOS CADROS ANTERIORES. NON MARCAR A OPCIÓN PODERÁ SUPOR NON SER CUALIFICADO E XA QUE LOGO, QUEDAR EXCLUÍDO DO PROCESO SELECTIVO. AS RESPOSTAS A APARTADOS DA OPCIÓN NON ELIXIDA NOS CADROS ANTERIORES NON SERÁN CUALIFICADAS.
- A PROBA PRÁCTICA TEN UNHA DURACIÓN DE TRES (3) HORAS. CANDO FALTE MEDIA HORA PARA A FINALIZACIÓN DO TEMPO, SERÁ COMUNICADA ESTA CIRCUNSTANCIA. DURANTE OS PRIMEIROS VINTE (20) MINUTOS NON SE PODERÁ ABANDONAR A AULA DA PROBA.
- ESTA PROBA CON TODAS AS FOLLAS, NUMERADAS E ORDEADAS CORRELATIVAMENTE, INCLUÍDA ESTA PRIMEIRA E TODOS OS ENUNCIADOS DEBERÁN SER INTRODUCIDAS NO SOBRE QUE SERÁ PECHADO, ASINADO POLO ASPIRANTE NO PECHADO E POLA PERSOA MEMBRO DO TRIBUNAL ENCARGADA DA RECOLLIDA. O SOBRE DEBERÁ IDENTIFICARSE CO NOME E APELIDOS DA PERSOA ASPIRANTE E A OPCIÓN ESCOLLIDA.

EXERCICIO 1: 3 PUNTOS

SUPOSTO: Especificar se se fai en Excel ou noutra folla de cálculo

Apartado A.

TÁBOA 1.- Lista empregados dunha empresa:

	A	B	C	D	E	F	G	H	I	J	K	L																				
1	Nome	Idade	Data contrato	Planta	Nivel	Antig.	Quenda	Salario Base	Plan Pensión	Plus Perigo	Plus Persoal	Salario Final																				
2	MAR	46	12/11/1995	3			Noite																									
3	PABLO	33	12/03/1999	3			Tarde																									
4	OLGA	25	25/03/2014	1			Noite																									
5	ANA	43	18/08/2007	1			Tarde																									
6	LUZ	28	12/03/2008	3			Mañá																									
7	FIDEL	32	20/11/2003	2			Mañá																									
8	XAN	42	25/10/2006	3			Noite																									
9	<table border="1"> <tr> <td>10</td> <td colspan="3">Táboa 2</td> </tr> <tr> <td>11</td> <td>Nivel</td> <td>Planta</td> <td>Salario base</td> </tr> <tr> <td>12</td> <td>A</td> <td>3</td> <td>1.500€</td> </tr> <tr> <td>13</td> <td>B</td> <td>2</td> <td>1.400€</td> </tr> <tr> <td>14</td> <td>C</td> <td>1</td> <td>1.300€</td> </tr> </table>												10	Táboa 2			11	Nivel	Planta	Salario base	12	A	3	1.500€	13	B	2	1.400€	14	C	1	1.300€
10													Táboa 2																			
11													Nivel	Planta	Salario base																	
12													A	3	1.500€																	
13													B	2	1.400€																	
14	C	1	1.300€																													
10	Táboa 2																															
11	Nivel	Planta	Salario base																													
12	A	3	1.500€																													
13	B	2	1.400€																													
14	C	1	1.300€																													

Realizar o exercicio na primeira fila da folla de cálculo do primeiro traballador, con funcións para que permita obter os diferentes resultados no resto das filas e calcular o salario final.

Condições:

1. Obter Nivel cos datos simulados da Táboa 2.
2. Calcular anos de antigüidade na empresa
3. Obter salario base
4. Plan Pensión: Menos de 5 anos de antigüidade na empresa, a día de hoxe, 5% do Salario Base; entre 5 e 10 anos, 7%; máis de 10 anos, 10%.
5. Plus Perigo: Os que traballen na Planta 3 ou na Quenda Noite recibirán un Plus do 10% sobre o Salario Base; resto 20 euros.
6. Plus Persoal: Traballadores con máis de 40 anos, do Nivel A, na Quenda Noite, obterán un importe en euros, igual á súa idade duplicada e o resto de traballadores, un importe en euros igual á súa idade.
7. Salario Total
8. Funcións que permitan obter:
 - a. Número de traballadores da Quenda Noite.
 - b. Media de Idade dos empregados da Quenda Mañá

APARTADO B:

TÁBOA B

TÁBOA C

	A	B	C	D	E	F	G	H
1	NIVEL	PLANTA	SALARIO BASE mensual		NIVEL	A	B	C
2	A	3	1.500€		% BECA	70%	75%	80%
3	B	2	1.400€					
4	C	1	1.300€					
5								
6	FICHA							
7	NIVEL	SALARIO Base	Importe BECA	COTA MENSUAL				
8								

Con datos das TÁBOAS B e C:

- Na cela B8 escribe a/s función/s de busca precisa/s para que, introducindo o nivel do traballador onde corresponda, mostre o salario base correspondente ao seu nivel. De non introducir o código, amosarase a cela en branco.
- A cela C8 amosará o resultado de aplicar ao salario base dun ano (12 meses), a porcentaxe que corresponda segundo os datos da Táboa C.
- Cela D8: procedemento para que amose a cota mensual que debería pagar o traballador para financiar o anterior importe nun prazo de 30 meses, aplicando unha taxa do 5%.

EXERCICIO 2: 2 PUNTOS

Resolver o seguinte caso de custos de transporte e almacenaxe:

Un establecemento de venda de alicatados polo miúdo, situado na cidade de A Coruña estuda a compra do seguinte material a unha fábrica situada en Onda, Castellón (Distancia 900Km):

- 10 palets de azulexo branco, modelo Alba, de dimensións 15 cm x 20 cm. Cada palet contén 60 caixas e cada caixa contén 50 azulexos, cun prezo de 36 € / m² en fábrica.
- 12 palets de plaqueta, modelo Nadir, de dimensións 40 cm x 30 cm. Cada palet contén 50 caixas e cada caixa contén 10 pezas, cun prezo de 42 € / m² en fábrica.

Temos dúas opcións:

- **Opción a):** Adquisición directa á fábrica e pago de custos de transporte: 0,15 € por palet e quilómetro, con descarga no almacén de destino (A Coruña).
- **Opción b):** Adquisición a un almacenista cun almacén intermedio en León que, á súa vez, cómprallo á fábrica, coas seguintes condicións:
 - O prezo do almacenista por m² de azulexo no seu almacén de León é de 38 €.
 - O prezo do almacenista por m² de plaqueta no seu almacén de León é de 45 €.
 - O custo por manipulación de mercadoría é de 5 € por cada palet.
 - Gastos de transporte ata destino 0,18 €/quilogramo de carga, de tal forma que :
 - O peso aproximado de cada m² de azulexo é de 4,5 Kg.
 - Cada m² de plaqueta pesa 6,5 Kg.
 - O peso de cada palet é de 25Kg.

Pídese :

1. Calcular correctamente o custo total das opcións a) e b).
2. Representar gráficamente o proceso loxístico de cada unha das opcións, indicando o tipo de canle e os custos de cada un.
3. Tendo en cuenta a opción máis económica, calcular o custo por cada m² de cada un dos artigos, imputando os custos de transporte e almacenaxe en función dos metros cadrados totais.
4. Determinar o Prezo de Venda por m² de azulexo, se a marxe para aplicar é o 45% do prezo de custo.
5. Determinar o Prezo de Venda por m² de plaqueta, se a marxe para aplicar é o 25 % sobre o prezo de venda.

EXERCICIO 3: 3 PUNTOS

A empresa "AGROAMES S.L." con domicilio na rúa Ameneiral, 125 de Bertamiráns, con Código postal: 15220 e con NIF: B-15101214 dedícase á comercialización de diversos artigos relacionados con actividades agrarias. Durante o ano 2020 realizou as seguintes operacións:

VENDAS:

	TRIMESTRE 3º (IVE e Recargo de equivalencia incluídos)
Sementes e fertilizantes	24.040,48 €. (dos que 6.010,12 son en R.E.)
Maquinaria e ferramentas	42.070,85 €. (dos que 18.030,36 son en R.E.)
Rappels s/ventas de maquinaria sen ser en R.E.	901,51 €
Devolucións de sementes en R.E.	180,00 €

COMPRAS NA PENÍNSULA:(IVE sen incluír)

Sementes e fertilizantes	8.025,50 €
Portes de sementes e fertilizantes	300,00 €
Maquinaria e ferramentas	14.025,50 €
Portes de maquinaria	1.232,07 €
Rappels sobre compras de sementes	601,01 €

GASTOS:(IVE sen incluír)

Material de oficina	300,51 €
Artigos de agasallo a un cliente	180,30 €
Soldos e Salarios	36.060,73 €
Seguridade Social	3.005,06 €
Teléfono e electricidade	1.803,04 €
Intereses bancarios	480,81 €
Seguro do local	601,01 €

OUTROS DATOS DE INTERESE:

- En Setembro solicitou a unha empresa alemá un estudo de mercado. A empresa alemá facturoulle 3.000,00 €.
- En Agosto comprou na península un coche turismo para o persoal de dirección da empresa, cun IVE soportado de 9.000,00 €.
- Non terceiro trimestre fixéronse compras de sementes a Suíza por 3.005,06 euros e compras de maquinaria a Italia por valor de 15.025,30 euros.
- Todos os trimestres compra fertilizantes a agricultores en R.E.A.G.P por valor de 240,00 €.
- A declaración do 2º trimestre do 2020 de AGROAMES S.L. resultou a compensar un IVE de 350,00 €

Pídese:

- Realizar a declaración-liquidación do IVE do 3º trimestre e cubrir os datos do modelo 303 no recadro seguinte.

3º TRIMESTRE					
IVE Devengado	Base Imponible		Tipo %	Cota	
	01		02	4	03
Réxime Xeral	04		05	10	06
	07		08	21	09
Adquisicións intracomunitarias de bens e servizos	10				11
Outras operacións con inversión do suxeito pasivo (excepto adq intracom)	12				13
Modificación bases e cotas	14				15
	16		17		18
Recargo equivalencia	19		20		21
	22		23		24
Modificación bases e cotas de recargo de equivalencia	25				26
Total cota devengada (03+06+09+11+13+15+18+21+24+26)					27
IVE Deducible			Base		Cuota
Por cotas soportadas en operacións interiores correntes			28		29
Por cotas soportadas en operacións interiores con bens de inversión			30		31
Por cotas soportadas nas importacións de bens correntes			32		33
Por cotas soportadas nas importacións de bens de inversión			34		35
En adquisicións intracomunitarias de bens e servizos correntes			36		37
En adquisicións intracomunitarias de bens de inversión			38		39
Rectificación de deducións			40		41
Compensación Réxime Especial A.G. y P.					42
Regularización bens de inversión					43
Regularización por aplicación da porcentaxe definitiva da prorrata					44
Total a deducir(29+31+33+35+37+39+41+42+43+44)					45
Resultado Réxime Xeral					46
Atribuible á administración do Estado			%		
Cotas a compensar de períodos anteriores					
Resultado Liquidación					

EXERCICIO 4: 2 PUNTOS

Responder ás seguintes preguntas aplicando a lexislación actualmente vixente en España en materia de consumo.

1. Tareixa acude a ENTERAMARKT, unha tenda de electrodomésticos e electrónica de consumo, na procura dun lavalouzas de clase A+++. Para a súa sorpresa observa que non teñen ningún. Manuel, o dependente, dille que iso é pola nova etiqueta enerxética que entrou en vigor hai pouco e que agora os lavalouzas máis eficientes son de clase B. Tareixa non entende nada. Imaxina que es o vendedor e explícalle que norma regula o novo etiquetado, cando entrou en vigor, se se aplica ou non a todos os produtos e que cambios se introduciron respecto ao antigo sistema.
2. De todos os modelos que lle ensina Manuel, hai un que a Tareixa encáixalle especialmente ben. Porén parécelle un pouco caro de máis polo que o vendedor proponlle un desconto do 20% sempre que renuncie á garantía legal e comercial do produto. Esta proposta é legalmente admisible?.
3. Tareixa finalmente mercou o lavalouzas e un técnico de ENTERAMARKT foillo instalar á súa casa. Por desgraza, durante a instalación e como consecuencia dun golpe seco rompeu unha baldosa do chan. O técnico negouse a aceptar calquera tipo de responsabilidade, dicindo que “son cousas que poden pasar”. Ante esta actitude, Tareixa acudiu de novo á tenda para falar coa encargada. A súa resposta foi que a única solución é acudir ao Sistema Arbitral de Consumo, ao que o establecemento está adherido. Está obrigada Tareixa a aceptar? Podería facelo oralmente? Podería non aceptar o laudo arbitral?
4. Luís é o marido de Tareixa e fai dous días mercou un pantalón vaqueiro nunha tenda moi de moda na cidade. Ao chegar a casa deuse de conta de que xa tiña un moi parecido polo que acudiu á tenda a que lle devolveran os cartos. A dependenta informouno de que non tiña dereito a dita devolución e só lle podía facer un vale con data de caducidade 31/12/2021. É correcta a actuación da dependenta?
5. Responde ás preguntas do apartado 4., supoñendo que a compra se fixo *en liña* e non nunha tenda física.
6. Elena encargou uns peúgos para a súa neta nunha tenda *on line*. Os peúgos foron personalizados co nome dos pais da neta (un en cada pé). Ao abrir o paquete, Elena observa que son máis grandes do que pensaba e polo tanto decide devolverlos. Marisa, que é a vendedora, dille que non ten dereito a elo xa que as medidas estaban perfectamente explicitadas na páxina web. Comenta a situación.
7. Despois do desagradable episodio do vaqueiro, Luís foi mercar uns botóns a unha mercería. Ao ir pagar deuse de conta que non tiña suficiente diñeiro en efectivo así que preguntou se podía pagar con tarxeta. A dependenta díxolle que si pero que tíñalle que abonar 60 céntimos máis por empregar esa forma de pago. É correcta a actuación da dependenta?
8. O lavalouzas que Tareixa mercara fai tres meses en ENTERAMARKT deixou de funcionar, sen explicación aparente. Tareixa acode ao establecemento para facer valer os seus dereitos e o dependente dille que o enviarán a reparación. Tareixa prefería que llo substituísen por un novo pero sabe que non pode esixilo. O lavalouzas volve do proceso de reparación un mes despois e ao ir a recollelo, a empregada dille que debe pagar 30 euros en concepto de gastos de xestión. Como ten présa, págaos. O lava vaixelas funciona ata que aos dous meses volve fallar. Xa con un enfado importante, Tareixa regresa ao establecemento onde a dependenta lle di que como xa pasaron seis meses dende a compra, debe probar que non se debe a un mal uso pola súa parte. Iníciase unha discusión forte e finalmente a dependenta chama ao encargado, ao que Tareixa esixe que lle substitúan inmediatamente o produto por un novo. O encargado dille que esa opción non é posible, xa que actualmente o modelo xa non se fabrica e o máis parecido custa o dobre. Ofrécelle devolverlle os cartos. Analiza unha por unha as condutas de dependenta, consumidora e encargado e di se son conformes á lei ou non.